

BASES DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL CON MENSAXE

As bases polas que se rexerá o Concurso de postais de Nadal con mensaxe son:

PRIMEIRA:

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos

SEGUNDA:

Establécense catro categorías:

- De 4 a 6 anos
- De 7 a 9 anos
- De 10 a 13 anos
- Máis de 14 anos

TERCEIRA:

As postais terán como máximo as seguintes dimensións: 21x15. Poden entregarse na técnica que cada un/unha considere oportuna, pero deberán incluír unha mensaxe de felicitación de Nadal en lingua galega

CUARTA:

Valoraranse a presentación, o esforzo e a orixinalidade da postal, así como a lingua e o contido da mensaxe

QUINTA:

Aceptaranse como máximo dúas postais por participante. No caso de non presentarse un mínimo de tres postais por cada categoría o xurado pode declarar esa categoría deserta

SEXTA:

Os/as concursantes presentarán as súas postais no Centro Cultural Fernando Casas e Novoa, de luns a venres de 09:30 a 13:30h e de 16:30 a 21:00h e os sábados de 10:00 a 13:00h, tendo como data límite de presentación o 14 de decembro de 2012



SÉTIMA:

Xunto coa postal, deberase presentar un sobre pechado cos datos persoais: nome e apelidos, idade e teléfono de contacto

OITAVA:

Os premios entregaranse o día 05/01/2013 antes da recepción dos Reis Magos de Oriente no polideportivo municipal

NOVENA:

Os/as gañadores/as de cada categoría serán premiados/as cun lote de libros. Ademais, as súas postais serán publicadas na páxina web do Concello: www.concellooroso.com

DÉCIMA

A participación no concurso significa a aceptación destas bases.

A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.

Así o dispoño, en Oroso o 9 de novembro de 2012

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira